

## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE DATA 17 DE NOVEMBRO DE 2016

ASUNTO. NOMEAMENTO DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DÚAS PRAZAS DE PEÓNS O 75 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.

Visto que en Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016 se aprobaron as bases do proceso selectivo que nos ocupa e sendo necesario proceder o nomeamento dos tribunais que han de xulgalo.

Posto que en data 2 de novembro esta Alcaldía resolveu nomear coma vocal do tribunal para as prazas de peóns a don Carlos Álvarez Arias e que, posteriormente, este presentou solicitude de abstención pola participación dun familiar do mesmo en dito proceso selectivo, procede nomear un substituto para que ocupe o seu posto de vocal, optando esta Alcaldía por nomear coma substituto de don Carlos Álvarez Arias a don Juan Pérez Pérez así como nomear a a Enxeñeira Técnica Industrial deste Concello dona Antía Nieves Rodríguez coma asesora do tribunal para a proba práctica da fase de oposición.

RESOLVO:

**Primeiro.-** Aceptar a abstención de don Carlos Álvarez Arias como membro do tribunal para as prazas de peóns pola participación dun familiar do mesmo en dito proceso selectivo.

**Segundo.-** Nomear como substituto de don Carlos Álvarez Arias para que ocupe o seu posto de vocal a don Juan Pérez Pérez.

**Terceiro.-** Nomear a Enxeñeira Técnica Industrial deste Concello dona Antía Nieves Rodríguez coma asesora do tribunal para a proba práctica da fase de oposición.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público.

O ALCALDE

DON JOSÉ TOME ROCA



O SECRETARIO ACCIDENTAL

DON JOSE MARIA VALCARCE RODRÍGUEZ